

SESIÓN ORDINARIA DE 27 DE ABRIL DE 2.012

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e dez minutos do día 27 de abril de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia da Secretaria accidental, Dona Aurora Blanco Candal, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Antonio López Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao, D^a María Begoña Seco Varela, D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

D. Serafín Vázquez Arias incorporárase no terceiro punto da orde do día.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2012

Ponse de manifesto aos membros da Corporación a acta da sesión plenaria celebrada o día 24 de febreiro de 2012, cuxa copia adxuntouse coa convocatoria.

Sométese a votación a aprobación da citada acta. Realizada a votación, queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

2. RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

O sr. Alcalde expón sucintamente o contido das rectificacións propostas, que son as que seguen:

PORCIÓN VIAL Nº 95

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN VIAL EN MOSTEIRO – MOSTEIRO.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: MOSTEIRO

Lindeiros: Linda ó norte coa finca matriz, ó sur con camiño público, ó este coa parcela nº 17, e polo oeste coa parcela nº 24.

SUPERFICIE: 86 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 17 de abril de 2.009, subsanada mediante acta de data de 23 de Janeiro de 2012.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: finca 11208, tomo 1153, libro 101, folio 168.

PORCIÓN VIAL Nº 133

SOBRADA

NOME: PORCIÓN VIAL EN PIÑEIRO – SOBRADA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SOBRADA

Núcleo/lugar: PIÑEIRO

Procedente da segregación da finca matriz Finca 10.644, Folio 50, Tomo 1.129, Libro 94. Lindeiros: Norte con finca matriz, ao Noroeste, coa parcela 135 Amandina Peña Mouriz; Sureste, coa parcela 155 de Jesús Elias Meilan Carballido e Sureste coa estrada de Outeiro de Rei a Castro de Riberas de Lea.

SUPERFICIE: 53,05 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 28 de xaneiro de 2012.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: finca 11225, folio 189, libro 101, tomo 1153.

PORCIÓN VIAL Nº 134

CANDAI

NOME: PORCIÓN VIAL EN CANDAI DE BAIXO – CANDAI

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CANDAI

Núcleo/lugar: CANDAI DE BAIXO

Lindeiros: Norte coa finca matriz, Sur, terreo nº 29 de Purificación Vilanova Roibás; Este, terreo nº 194 de José María Varela Redondo e camiño; e Oeste, terreo nº 29 de Purificación Vilanova Roibás.

SUPERFICIE: 101,03 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 23 de decembro 2011.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 11238, tomo 1153, libro 101, folio 203.

PORCIÓN VIAL Nº 135

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN VIAL EN MACEDA - MOSTEIRO

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: MACEDA
Lindeiros: Norte, coa finca matriz; Sur, Rosendo Cobas Fernández; Este, Rosendo Cobas Fernadéz; e Oeste, Duplo Lugo S.L e camiño.

SUPERFICIE: 188,51m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 27 de xaneiro de 2012.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: 11237, Folio 202, Tomo 1153, Libro 101.

Non xurdindo debate sométese a votación a proposta de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

Neste intre incorpórase don Serafín Vázquez Arias.

3. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.

O sr. Alcalde dá conta da seguinte

“PROPOSTA DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.

Artigo 1. Imposición e ordenación

En uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución, artigos 4.1 a) e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola prestación do servicio público descrito na presente Ordenanza Fiscal, consoante ao disposto nos artigos 20 e seguintes da citada lei reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da presente ordenanza fiscal a prestación do servicio social comunitario de escola infantil municipal

Artigo 3. Suxeitos obrigados.

Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen como taxa as/os nais/pais dos nenos e das nenas en situación de alta na escola infantil municipal, no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

Artigo 4. Pagamento.

1. O pagamento das cotas realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes seguinte ao que correspondan. Nos casos en que o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, a cota correspondente ao dito mes ingresarase nos dez días naturais seguintes á data de ingreso.

2. No caso de utilizar o servizo de comedor por días soltos, realizarase o pagamento deste servizo xunto coa cota do mes seguinte.

3. A falta de asistencia da nena ou do neno ao centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

4. A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa esixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

Artigo 5. Regras e definicións para a determinación do importe que se vai pagar.

Para a determinación do importe mensual que van pagar as persoas obrigadas ao pagamento das cuotas tributarias determinadas no anexo da presente ordenanza, teranse en conta as especificacións recollidas no dito anexo. Para os efectos da aplicación do anexo, a renda per cápita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

i. Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.

ii. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

iii. Os/as fillos/as maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

Artigo 6. Suspensión temporal da cota.

1. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 3 non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:

a) O mes de vacacións anual da/o nena/o.

b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio.

2. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 3 non terán a obriga de aboar a cota correspondente ao servizo de comedor no seguinte suposto:

Cando por causa debidamente xustificada a/o nena/o deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do mes natural seguinte á data de inasistencia ao centro e durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación da/o nena/o ao centro.

Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota do comedor correspondente ao dito mes reducirase nun 50 por cento.

A solicitude de suspensión da cota correspondente a este servizo, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o Alcalde, que resolverá sobre a procedencia da exención.

Nos casos de suspensión temporal da cota correspondente ao servizo de comedor, o pagamento correspondente ao mes de reincorporación realizarase no prazo dos dez días naturais seguintes á data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que o Alcalde acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo dos dez días naturais seguintes á notificación da resolución denegatoria.

Disposición derradeira.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día 1 de setembro de 2012.

ANEXO

1. Prezo da atención educativa.

O prezo pola atención educativa en xornada completa fixase en 160 € mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste anexo.

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

2. Prezo por servicios complementarios.

a) Servicio de comedor.

O prezo por este servicio fixase en 70 € mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste anexo.

No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servicio de comedor e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 4 € por día.

O prezo de comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

b) Horario ampliado.

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 20 €.

c) Hora extraordinaria: entendendo por tal a prestada ao marxe do horario habitual do neno e con carácter non periódico, e cuxo prezo será de 3 euros/hora.

O prezo da hora extraordinaria ou ampliada non estará suxeito a ningunha redución.

3. Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:

a) Rendas inferiores ao trinta por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servicio de comedor 0 €; sen servicio de comedor 0 €.

b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servicio de comedor 16,50 €; sen servicio de comedor 0 €.

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servicio de comedor 49,50 €; sen servicio de comedor 33 €.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servicio de comedor 91 €; sen servicio de comedor 66 €.

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servicio de comedor 141 €; sen servicio de comedor 106 €.

f) Rendas comprendidas entre 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servicio de comedor 176 €; sen servicio de comedor 126 €.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servicio de comedor 199 €; sen servicio de comedor 139 €.

h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servicio de comedor 230 €; sen servicio de comedor 160 €.

4. Descontos.

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.

b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.

c) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.

B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento”.

Explica o sr. Alcalde que a razón de ser desta proposta é tanto a adaptación da ordenanza municipal a nova normativa autonómica coma a necesidade de garantir o equilibrio orzamentario do Concello, dado que a aportación das restantes administracións ao servicio vaise a reducir neste exercizo orzamentario.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, afirma que a suba lle parece excesiva, sobre todo no caso das rendas máis baixas, dado que unha persoa cunha renda entorno aos 400 euros ten que aportar 91 euros, o que é esaxerado.

O voceiro do BNG pregunta a cantidade na que se estima que a Xunta contribuirá ao financiamento da Escola Infantil Municipal.

O Alcalde resposta que descoñece as contías nas que financiará a Xunta ou a Deputación o servicio.

O voceiro do BNG expresa que, segundo a súa información, a Xunta non financiará este servicio aos concellos de menos de 20.000 habitantes.

Engade que non lle parece de recibo que o Concello supla o financiamento das restantes administracións incrementando as taxas aos veciños, e menos nunha situación económica coma a actual.

O Alcalde afirma que, ao non ter información nin garantías sobor a contribución das restantes administracións ao financiamento da escola infantil, a súa obriga é garantir a permanencia do servizo público. Ata o momento o Concello aportaba 57.000 euros anuais de fondos propios, o que xa representa un importante esforzo para o mantemento do servizo. Se a Xunta ou a Deputación mantivesen as súas aportacións manteríanse as taxas máis baixas, coma sucedeu ata o momento.

Pero a día de hoxe non se sabe se estas administracións contribuirán a dito financiamento, a Escola Infantil leva funcionando dende principio de ano e o Concello ten a obriga de manter a estabilidade orzamentaria.

E recorda que a Escola Infantil, o que non pagan os usuarios, o pagan a totalidade dos veciños, que tamén teñen que pagar a totalidade dos restantes servizos municipais, xa que todo carto que gasto o Concello ven única e exclusivamente dos petos dos veciños.

Por outra banda, o Concello ten a vontade de seguir a prestar a totalidade dos servizos municipais, e si se reducen as aportacións das restantes administracións públicas non queda máis remedio que incrementar as aportacións dos usuarios. Sempre será mellor prestar o servizo aínda que sexa un pouco máis caro, que non prestalo.

Ao sr. Varela acláralle que o IPREM considera a totalidade de membros da unidade familiar. É dicir: divide os ingresos familiares polo número total de membros da unidade familiar, tamén os nenos, polo que o caso que pon de exemplo non pagaría nada polo servizo (un pai con ingresos entorno aos 400 euros).

Insiste en que o que prefería non ter que incrementar as taxas, pero non queda outro remedio para seguir a prestar o servizo.

O voceiro do BNG considera que existe unha clara discriminación da Xunta a este Concello, cuxos veciños teñen os mesmos dereitos que os de un Concello de máis de 20.000 habitantes, e que a Xunta está pasando a factura aos veciños de Outeiro, e recorda que, coma Alcalde, ten a obriga de defender aos seus veciños.

O voceiro do PSdG-PSOE considera que as axudas das Administracións ao sostemento da Escola Infantil deberían ser iguais para o Concello de Outeiro que para o Concello de Lugo, con independencia da súa poboación, e insiste na desproporción dos tramos previstos na ordenanza para a fixación das cotas tributarias. Por exemplo, cando as rendas son superiores ao 200% do IPREM pagan menos do dobre que se a súa renda é menos da metade (entre o 75% e o 100% do IPREM).

Esta desproporción castiga ás rendas máis baixas, polo que se opón á aprobación da ordenanza.

O voceiro do grupo municipal do PP, afirma que as rendas máis baixas sempre están castigadas. E indica que unha persoa que gane menos de 500 euros ao mes (o que non sucede se ten un traballo), non paga. E se gana máis é porque traballa. Pero unha persoa que non traballa tampouco ten tanta necesidade do servizo de escola infantil coma unha persoa que traballa, xa que a Lei concibe este servizo dentro das políticas de conciliación da vida laboral e familiar.

Por outra banda, unha parella que teña un fillo, para estar por debaixo do 30% do IPREM tería que estar todos os membros no paro. Con esta ordenanza non pagaría nada, a pesares de que non precisa tanto do servizo coma unha parella na que traballan os dous.

E non se pode esquecer que o que non pagan os usuarios do servizo o pagan a totalidade dos veciños a través dos restantes impostos. Así, unha persoa que estea no paro él e a súa familia terá que pagar co IB Ida súa vivenda o servizo da Escola Infantil, e non se pode discutir que o IBI non considera a capacidade adquisitiva do contribuinte. Polo tanto é preciso abandonar ese discurso demagóxico baseado na irresponsabilidade.

Engade que esta suba non sería necesaria se a Deputación de Lugo cumprise coa obriga de financiamento que lle atribúe a Lei de servizos sociais de Galicia, aprobada polo bipartito e cando as políticas sociais eran responsabilidade do BNG. Esta lei establece a obriga das Deputacións de financiar os servizos sociais dos Concellos de menos de 20.000 habitantes, polo que tanto o BNG coma o PSdG-PSOE tense que aplicar o conto, xa que gobernan a Deputación de Lugo.

Remata o debate afirmando que o equipo de Goberno ten o firme compromiso de seguir a prestar o servizo, e para garantir esta prestación propoñen e defenden a modificación proposta.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de escola infantil municipal.

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e tres votos en contra.

4 e 5. MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO SERVICIO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Iníase o debate coa defensa, polo sr. Alcalde, da conveniencia da aprobación da seguinte proposta:

“PROPOSTA DE ADAPTACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DO SAF AO DISPOSTO NO DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO, POLO QUE SE REGULAN OS SERVICIOS SOCIAIS COMUNITARIOS E O SEU FINANCIAMENTO

Artigo 1º.- Obxecto:

O presente regulamento ten por obxecto o desenvolvemento do servizo de axuda no fogar no Concello de Outeiro de Rei. Este servizo poderá prestarse de forma indirecta por entidade debidamente autorizada, ou ben directamente polo propio Concello. En todo caso a sede oficial estará ubicada nas dependencias do Concello de Outeiro de Rei.

Artigo 2º.- Concepto:

1.- O servizo de axuda no fogar ten a consideración de “prestación básica de servizos sociais comunitarios básicos”, inserto no sistema integrado de Servizos Sociais, de carácter complementario e transitorio ofrece un conxunto de atencións dende unha perspectiva integral e normalizadora dentro do propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e permanencia no seu medio habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para as cales resulte un recurso idóneo, con carácter preventivo, educativo, asistencial e rehabilitador, e que se presta a través de persoal especializado.

2.- O Servizo referido non exime á familia das súas responsabilidades. A súa planificación, coordinación e control lle corresponden aos Servizos Sociais do Concello.

3.- Por unidade de convivencia enténdese, a todos os efectos do presente regulamento, a formada por dúas ou máis persoas que cohabiten no mesmo domicilio, existan ou non vínculos de parentesco.

Artigo 3º.- Obxectivos:

1.- O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

2. Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

a) Apoiar ós usuarios na realización daquelas tarefas da vida cotiá, que non poidan realizar por si sós, estimulando o desenvolvemento das súas capacidades.

b) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.

c) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.

d) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.

e) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.

f) Retardar ou evitar o ingreso en centros asistenciais.

h) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.

i) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 4º.- Beneficiarios/usuarios:

1. O servizo de axuda no fogar esta dirixido a toda a poboación en xeral, con carácter prioritario ás persoas en situación de dependencia, e ás que debido ás súas circunstancias físicas, psíquicas, familiares e/ou socio económicas, teñan limitada a súa autonomía persoal e a súa capacidade de relación social, sempre é cando éste sexa o recurso idóneo de atención segundo a valoración dos profesionais dos Servizos Sociais de atención primaria.

Con carácter xeral, os posibles usuarios serán:

-Persoas en situación de dependencia valoradas e que no seu proxecto individual de atención teñan dereito ó acceso ó servizo según o disposto na Lei 39 / 2006 de 14 de decembro e poidan permanecer no seu domicilio sen requirir atención hospitalaria.

-Persoas maiores ou con déficits de autonomía ou con certo nivel de dependencia e persoas con discapacidade especialmente cando carezan de apoio persoal no domicilio e no seu contorno inmediato e para os que este servizo poida significar a súa permanencia no fogar coas súas necesidades básicas cubertas.

-Persoas con anciáns, minusválidos ou enfermos crónicos ó seu cargo que precisen axuda para atendelos.

-Familias con menores en que se observe necesidade dunha intervención por circunstancias que afecten os cuidadores, suficientemente xustificadas.

-Familias en grave estado de desestructuración, sempre en colaboración e baixo o criterio do programa de Educación Familiar.

-En xeral, cando exista unha situación de desatención familiar ou persoal, avaliada técnicamente e que xustifique a intervención do servizo.

Non poderán ser usuarios deste servizo:

-As persoas que poidan beneficiarse dun servizo similar por parte doutra entidade (Muface, Isfas, Once, Cáritas, etc)

-As que presenten un estado de deterior físico ou psicolóxico tal que provoque unha valoración técnica de internamento asistido en centro residencial.

Ás adxudicacións do Servizo aplicaráselle o límite que necesariamente se desprenda de criterios de dispoñibilidade orzamentaria.

Artigo 5º.- Funcións, prestacións e tarefas:

1.-De conformidade coa valoración técnica realizada polos técnicos dos servizos sociais no servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria (engloban todas aquelas actividades que se dirixen ó usuario do servizo cando este non poida realizalas por si mesmo), tales como:

- Asistencia para erguerse e deitarse.

- Axuda para vestirse, espirse.

- Apoio no coidado e hixiene persoal, incluíndo cambio de roupa, lavado de cabelo, afeitado, baño se é necesario, e todo aquilo que requira a hixiene persoal.

- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.

- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos, do servizo de saúde correspondente, sempre que non exista familiar ou achegado que poida facelo coas debidas garantías.

- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.

- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

- Apoio na mobilización dentro do fogar.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.

- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

- Facilitar actividades de ocio no fogar mediante a entrega de prensa, revista, ou similares.

- Outras atención de carácter persoal non recollidas nos apartados anteriores, que poidan ser incluídas con carácter específico para acadar a finalidade deste servizo.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda, vaixela, mobiliario, etc.

- A alimentación que comprenda, a compra de alimentos e outros produtos de uso común, e de artigos básicos para consumo diario. Preparación de alimentos no fogar.

- Lavado e coidado das prendas de vestir.

- Feitura de camas.Cambio de roupa de camas.

- Coidados básicos da vivenda.

- Realización de xestións elementais puntuais.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo:

Son intervencións profesionais de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais, afectividade, convivencia, integración na comunidade e estruturación familiar, entre outras:

- Soporte a familias con problemas relacionais ou de atención a menores en risco de institucionalización.

- Asesoramento e formación de pais.

-Apoio na relación con entorno.

-Aquelas outras que se valoren técnicamente como realizables dentro deste programa.

2. O servizo de axuda no fogar, unha vez garantido o nivel básico de atención, poderá incorporar, ademais, os seguintes tipos de actuacións de carácter complementario:

a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

b) Servizo de empréstito de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.

c) Adaptacións funcionais do fogar.

d) Servizo de podoloxía a domicilio.

e) Servizo de fisioterapia a domicilio.

3. Asinarase un acordo de servizo entre a persoa usuaria e a entidade titular, no cal se recollerá o contido particular das atencións que se prestarán, a programación temporal da prestación, a intensidade horaria e os compromisos de ambas as partes, incluíndo o compromiso de copagamento que corresponda.

4.- Todas as actuacións descritas terán un carácter excepcional e complementario das propias capacidades dos usuarios ou de outras persoas do seu contorno inmediato. Nunca se prestarán atención que o beneficiario ou a súa familia e/ou achegados poidan desenvolver por si mesmo de xeito que se potencie ó máximo a autonomía e non a dependencia.

5.- Para a realización destas actuacións o usuario deberá dispor ou proveerse dos medios necesarios (alimentos, artigos de hixiene e limpeza,...)

Artigo 6º.- Exclusión de tarefas:

- Atención a outros membros da familia ou que vivan no mesmo domicilio non contemplados na concesión do servizo. (As tarefas serán as contidas no proxecto de intervención, sempre apoiando e reforzando a unidade familiar).

- Traballos agrícolas ou gandeiros. (coidado de animais)

- Labores de xardín e horta.

- Limpeza de portais e escaleiras de comunidade.

- Facer arranxos na vivenda.

- Todas aquelas que non sexan de verdadeira necesidade para as persoas atendidas (esta valoración farease de xeito individual, atendendo ás circunstancias persoais do usuario).

- Actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

Para cada usuario, o técnico responsable fará constar no contrato as accións que se deben realizar, excluíndose implícitamente as restantes.

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

-A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo recollidos no artigo 12º desta orde.

-Actuacións que, polo eu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 7º.- Persoal e funcións:

1.- Traballador/a social de Servizos Sociais comunitarios básicos do Concello:

a) Programación xeral do servizo.

b) Difusión e información do servizo.

c) Recibir a solicitude, realizar o estudo, diagnose, baremación e informe proposta de Resolución para o órgano competente.

d) Formulación dos obxectivos da intervención e, no seu caso, realizar informe de derivación para o/a traballador/a social da entidade que xestiona o servizo.

e) Coordinación e avaliación continua dos casos, no seu caso, co/a traballador/a social da entidade que xestione o servizo.

f) Informe da modificación de tarefas asignadas, horario ou calquera outro cambio significativo na prestación do servizo.

g) Formulación da estratexia a seguir, asignar os auxiliares do fogar máis axeitados para cada beneficiario.

h) Realizar un seguimento individualizado dos casos con visitas domiciliarias, unha primeira visita nos 15 días posteriores á alta e as seguintes serán como mínimo bimensuais o mesmo que as supervisións do traballo do auxiliar.

i) Presentación periódica dos informes de seguimentos, nos que constarán as incidencias máis significativas, poderán propoñer as modificacións xustificadas do plan de traballo, horario de prestación do servizo de cada usuario/a, e calquera outra modificación que se estime oportuna.

j) Informe de calquera circunstancia que supoña a modificación das circunstancias sociais, familiares, persoais, económicas, ... de cada usuario/a con relación os efectos de posibles modificacións ou extinción do dereito ó servizo.

No caso de que o servizo se xestionase por outra entidade, o/a traballador/a social da mesma asumiría as funcións recollidas nos apartados g), h), i) e j) do apartado anterior, así como

manter reunións periódicas co/a traballador/a social do concello e coas auxiliares do servizo de axuda no fogar, e reforzar a formación e reciclaxe continuas destes auxiliares.

2.- Auxiliares de axuda no fogar:

a) Funcións asistenciais de atención persoal e doméstica deseñadas no modelo de intervención.

b) Fomento e potenciación da autonomía persoal do usuario, procurando non substituílo naquelas tarefas e funcións que poida desenrolar por si mesmo.

c) Educativas sobre habilidades sociais básicas.

d) Colaboración co/a traballador/a social no seguimento e avaliación.

e) Fomento e potenciación da rede de apoio social do usuario.

Estas auxiliares, no caso de atender a persoas afectadas por déficits de autonomía, deberán estar en posesión da cualificación profesional específica para o exercicio das súas funcións, sen prexuízo da posibilidade de acreditación da competencia profesional adquirida ben mediante experiencia laboral ou mediante aprendizaxes non formais.

3.- Na prestación do servizo, ademais do persoal profesional, poderá colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos servizos sociais do concello.

Para estes efectos estarase ao previsto na lexislación en vigor sobre voluntariado.

Os voluntarios serán persoas que acuden de forma solidaria, sen expectativas de remuneración, como apoio necesario para a boa efectividade do servizo,

complementando de forma coordinada as función e tarefas encomendadas ó persoal anteriormente citado.

As función encamiñaranse de cara a:

-Acompañamento dentro e fora do domicilio.

-Realización de xestións fora do domicilio (compras, recetas, pequenas xestións administrativas..)

-Ocupación do tempo libre.

Artigo 8º.-Modalidades de acceso ó servizo:

1.- Será necesario estar empadroadado no Concello de Outeiro de Rei e presentar a documentación necesaria xunto coa solicitude normalizada no Rexistro Xeral do Concello, acreditando a situación de necesidade do servizo.

2.- O acceso ó servizo será prioritario e directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do

programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. Para estes efectos o concello procederá a dar de alta as persoas en agarda de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. Para estes efectos garantiráselles aos servizos sociais comunitarios municipais acceso en tempo real ao dito programa .

As persoas para as que o programa individual de atención determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás cales se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

3.- Para as persoas que non teñan o recoñecemento de situación de dependencia, ou non lles asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo resolveráse en réxime de libre concorrencia de acordo co baremo que se establece no anexo I, (no que se valoran factores de carácter persoal e sociofamiliar, o apoio social, a situación da vivenda, déficit de autonomía persoal , e outros que dificulten a normalización social e a calidade de vida). previa prescripción técnica favorable dos servizos sociais de atención primaria.

4.- De igual maneira se procederá nas situacións nas que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivenciais e socioeducativos.

Artigo 9º.- Normas do servizo

O Servizo de Axuda no Fogar estará rexido polas seguintes normas, que deberán respectar tanto o beneficiario e as persoas do seu entorno, coma os profesionais e voluntarios que interveñan:

1) Os usuarios quedan obrigados a comunicar calquer variación (cambio de domicilio, ingresos hospitalarios, teléfono, ingresos, dependencia, etc), nun prazo máximo de sete (15) días naturais.

2) O tempo de atención ós beneficiarios poderá ser modificado en función das variacións que se produzan nas súas circunstancias persoais e/ou familiares, así como pola dispoñibilidade de medios do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, o que conleva implícitamente unha modificación da aportación económica do usuario.

3) Con carácter xeral, non se levará a cabo dentro nen fora do fogar, labor algunha que non vaia dirixida ó beneficiario do servizo, nen aínda para persoas que convivan no mesmo domicilio. Exceptuaranse casos técnicamente informados e motivados.(As tarefas serán as contidas no proxecto de intervención, sempre apoiando e reforzando a unidade familiar).

4) Será preceptivo por todas as partes, o respecto ás condicións estipuladas no contrato de prestación do servizo (tarefas, horarios, supervisións, aportacións económicas...)

5) Enténdese que durante a prestación do servizo, cando por calquer circunstancia fose necesario realizar un cambio no horario ou unha substitución da auxiliar poderá realizarse sen ningunha mediación co usuario, estando igualmente vixente o contrato. (Aínda que se procurará que os cambios se fagan consensuados co usuario).

6) Como norma xeral, cando o usuario non se atope no domicilio, non se prestará o servizo, e o Auxiliar nunca estará en posesión das chaves da vivenda. Excepcionalmente e por causas graves o responsable técnico poderá decidir que a Auxiliar acceda ó domicilio.

7) As queixas e suxerencias dos beneficiarios ou as familias presentaranse sempre ante o Traballador Social e nunca tentarán dirimirse ca auxiliar de Axuda no Fogar

8) A entidade xestora facilitará ás auxiliares o equipamento necesario para o desenvolvemento da súa actividade (uniformidade).

9) O usuario correrá cos gastos do material necesario para a prestación do servizo. (Material de limpeza,lixivia, etc.)

10) Tanto os usuarios como os profesionais e voluntarios que interveñen no servizo, mostrarán un total e absoluto respecto á intimidade e á confidencialidade.

11) O acto de remuneración da auxiliar correrá a cargo da entidade xestora, motivo polo que o usuario non deberá facerlle entrega de ningunha cantidade nen gratificación en cartos ou especies. A auxiliar non admitirá ningunha contraprestación do usuario, nin será custodio de ningún tipo de ben ou documentación que os represente.

12) O servizo prestarase únicamente no domicilio do beneficiario.

13) A actuación da auxiliar debera axustarse ó establecido no contrato.

14) Queda a criterio do responsable do servizo reforzar con persoal de apoio (voluntariado, educador familiar...) á auxiliar asignada para o caso nese momento.

15) As liquidacións de prezos practícaranse mensualmente nos cinco (5) primeiros días naturais do mes seguinte. O abono efectuarase mediante cargo na conta corrente ou cartilla de aforros do solicitante, que deberá indicar en modelo adxunto.

No caso de servizos prestados por tempo inferior a un mes completo prorratearase na parte proporcional ó tempo de atención recibido, agás que a baixa se produza na primeira quincena do primeiro mes pendente de pago que non se cobrará o servizo.

As tarifas revisaranse anualmente, para o que o beneficiario aportará a documentación que lle sexa requirida.

16) A firma do contrato supón a aceptación das anteriores normas.

Artigo 10º.- Horarios e duración do servizo:

1.- Establécese como período de prestación do servizo,o seguinte:

- Horario de atención ao público: De luns a venres de 10:00 a 14:00 horas.

- Horario de prestación do programa: De luns a domingo: De 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas.

Como norma xeral o servizo terá unha duración máxima de 2 horas diarias de luns a venres, quedando excluídos os fins de semana e festivos, excepto para persoas en situación de dependencia que se aplicará o mencionado no punto 4 deste artigo. Estas dúas horas diarias de atención poderían ampliarse a tres horas diarias como máximo, en casos de persoas dependentes sen resolución de grao e nivel, pero que este en tramite, previo informe favorable do técnico responsable.

2.- A prestación dos servizos en fins de semana e festivos será excepcional, previo informe favorable dos servizos sociais do Concello.

3.- O horario poderá variarse adaptándose ás necesidades dos usuarios e en función das variacións que se produzan nas circunstancias persoais e/ou familiares e pola dispoñibilidade de medios do servizo, previo informe dos servizos sociais.

4.- A intensidade do servizo para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co plan de coidados, de maneira que se garanta a cobertura das necesidades de atención para a realización das actividades da vida diaria, ademais dos días laborais os fins de semana e festivos.

Artigo 11º.- Organización e procedemento:

1.- O servizo de axuda no fogar estará integrado nos servizos sociais comunitarios básicos do concello e será coordinado pola traballadora social desta entidade local. Os servizos sociais proporcionaran información personalizada e

gratuita e confidencial, relacionada coa demanda do servizo, e as condicións do mesmo.

2.- No acceso directo ao servizo para persoas con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.

3.- Nos supostos de acceso en libre concorrência os solicitantes dirixiranse os servizos sociais do Concello onde se lles facilitara unha solicitude normalizada, dirixida o Sr Alcalde que presentarán no rexistro xeral do Concello, acompañada da seguinte documentación :

- Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.

- Fotocopia da tarxeta sanitaria do beneficiario.

- Certificado de empadramento e convivencia.

- Certificado de ingresos de todos os membros computables da unidade familiar, nómina, certificados de pensións, xustificantes de percepción de alugueiros, ...

- Fotocopia da declaración da renda, ou de ser o caso, certificado negativo de facenda de todos os membros da unidade de convivencia maiores de idade.

-Certificado de patrimonio.

- Certificado de minusvalía e/ou certificado do grado e nivel de dependencia, de ser o caso.

- Recibo do aluguer da vivenda, de ser o caso.

- Informe médico segundo modelo que se facilitará nas oficinas do Servicos Sociais do Concello, que acredite a carencia de autonomía persoal.

- Informe social emitido pola traballadora social do Concello, previa visita domiciliaria.

- Declaración xurada de non ter dereito a axuda no fogar por outra entidade ou organismo, e de ser o caso, documentación que acredite a súa denegación pola devandita entidade.

En todo caso o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

4.- O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto todo o ano.

5.- Unha vez presentada a solicitude a tramitación será a seguinte:

- Informe-proposta de resolución do/a traballador/a social do Concello, no que se recollerá : proposta de concesión/ denegación ; causas de denegación de seu o caso ; tarefas a realizar; horario e duración do servico ; aportación económica do beneficiario.

- A Xuntade Goberno Local do Concello/ Resolución de Alcaldía ,ou Órgano competente, a vista do anterior informe –proposta, resolverá as solicitudes , relativa á concesión ou non da prestación do servico, quedando o usuario dado de alta no servico, de ser o caso.

- Comunicación ao interesado da resolución adoptada especificando a intervención que proceda.

- O/a traballador/a social do Concello elaborará o plan de intervención no que se sinalarán os obxectivos, funcións e tarefas que hai que levar a cabo, así como o tempo de prestación, contribución económica do/a usuario/a ou gratuidade do servico.

As altas no servico produciránse por riguroso orden a lista de espera, agás en caso de urxencia.

Non obstante o establecido nos parágrafos anteriores, cando concorran circunstancias que aconsellen unha intervención inmediata do servico, esta poderá iniciarse de forma inminente, bastando para isto o informe-proposta do Departamento de Servicos Sociais correspondente, no que se argumentarán as circunstancias que aconsellen esta inmediatez así como a conseguinte proposta e unha resolución de Alcaldía ó respecto.

O inicio da prestación por vía de urxencia suporá en todo caso a tramitación do expediente de solicitude do servico, de acordo co procedemento establecido anteriormente, pero poderá concederse aínda que falten algúns dos documentos a emitir polas administracións públicas, co compromiso expreso de aportalo no prazo máis breve posible.

Esta intervención de urgencia non poderá manterse máis de un mes sen que medie resolución favorable expresa do Organo Municipal competente.

No caso de existir entidade xestora allea ó Concello, notificaráselle a alta do usuario, e a entidade procederá nese momento á designación da auxiliar.

6.- De non existir praza no referido servico, o solicitante quedará en lista de espera, ocupando o número de orde que lle corresponda, en función da puntuación acadada segundo os baremos que figuran neste regulamento.

No caso de igualdade de puntuación Terán prioridade na lista de espera, en primeiro lugar, as persoas valoradas como gran dependente polo órgano de valoración competente da Xunta de Galicia, e despois as de maior antigüidade na lista de espera. Se coincidiran en antigüidade, o/a traballador/a social do Concello priorizará aquela que segundo o informe motivado considere máis oportuno.

7.- Se un beneficiario superase os seis meses na lista de espera, antes de proceder á súa alta como usuario no servico de axuda no fogar, será preceptiva unha nova avaliación da situación.

8.- Este procedemento poderase acurtar cando unha nova situación recibira carácter de urxente, polo cal se recibirá unha resposta inmediata a unha circunstancia excepcional de alto risco. A súa desaparición levará á extinción de carácter urxente do caso e pasará ó proceso ordinario de resolución de petición.

9.- Para o inicio da prestación do servico será requisito previo asinar un acordo-contrato, a modo de compromiso de respecto ás normas do servico, ás tarefas a desenvolver, horarios, días e contribución económica correspondente, ou gratuidade, se procede. O incumprimento deste acordo-contrato poderá ser causa de baixa do servico.

10.- O prazo de inicio da prestación será de 8 días naturais como máximo, no caso das altas con carácter urxente o prazo será de 3 días, unha vez firmado o contrato.

11.- Para a renovación anual do servico de axuda no fogar, o beneficiario deberá presentar a documentación establecida no apartado 11.3 dentro dos primeiros trinta días naturais de cada ano, co fin de determinar se cumpre as condicións para a continuidade do mesmo.

12.- Así mesmo será revisable polo Concello a condición de beneficiario cando:

a) o interesado comunique que as circunstancias de feito e/ou de dereito que motivaron a concesión se modificaron.

b) Existen dúbidas razoables de que puido haber modificación das circunstancias persoais, familiares, económicas ou doutra índole, non comunicadas polo interesado. Neste caso será preceptiva a audiencia ó interesado.

Respecto das solicitudes con documentación incompleta formuladas por persoas que cumpran tódolos requisitos para solicitar o servico, os interesados serán requeridos para que

no prazo de dez días naturais subsanen tales deficiencias, con apercibimento de que se non o fixesen, o expediente será arquivado sen máis trámite.

Artigo 12º. Criterios para a concesión

Terán prioridade na concesión do servizo aqueles solicitantes que teñan valorada a súa dependencia e que no seu proxecto individual de atención se lle recoñeza este servizo.

Os criterios de concesión do servizo para o resto de solicitantes basearanse no baremo establecido no Anexo I da presente ordenanza, e que contempla aspectos como:

- Autonomía persoal para a realización de actividades básicas da vida cotiá (20 puntos)
- Autonomía persoal para a realización de actividades instrumentais da vida cotiá (16 puntos)
- Situación persoal e familiar, establecendo grados en que a familia ou persoas do entorno axuden ou poidan axudar ó usuario, apoio social (máximo 20 puntos)
- Situación familiar/socialización menores (máximo 20 puntos)
- Outros aspectos sociais (máximo 20 puntos)

agás para persoas en situación de Dependencia, casos nos que se prestará o servizo nos termos indicados nos decretos que desenrolan a devandita lei.

Cando por algún motivo non sexa posible presta-lo servizo elaborárase unha lista de espera por orde de puntuación no baremo.

Si algún solicitante acada unha puntuación superior a un beneficiario que xa está disfrutando do servizo e non se considera urxente ingresará na lista de espera.

En caso de igualdade na puntuación terá prioridade o beneficiario de maior idade.

Artigo 13º.- Denegación do servizo

As solicitudes de prestación do servizo de axuda no fogar poderán ser denegadas polo seguinte:

- Non reunilos requisitos de acceso establecidas no artigo 8º da presente ordenanza.
- Non acadar un tercio máis un da puntuación total establecida no artigo 12 da presente ordenanza (33 puntos)

Se unha solicitude é denegada o usuario non poderá presentar outra solicitude ata que a súa situación varie de xeito ostensible.

Artigo 14º. Modificacións do servizo: baixa definitiva, baixa temporal:

1.- A baixa da prestación do servizo requirirá informe técnico dos servizos municipais, audiencia ós interesados e será aprobado polo órgano municipal competente.

a) Causas de baixa definitiva:

- Incumplimento dos deberes establecidos no presente Regulamento, dos compromisos adquiridos, tales como o trato inaxeitado da persoa beneficiaria cara o auxiliar, falta de colaboración do usuario no desenvolvemento do servizo, imposición de tarefas ó auxiliar por parte do usuario que non lle correspondan ou similares.

- O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.

- Ocultación ou falsidade dos datos.

- Desaparición ou cambio substancial favorable nas circunstancias que deron lugar á prestación do servizo.

- Cumprimento do prazo de duración establecido, se así se fixo constar expresamente na concesión.

- Falecemento do beneficiario.

- Traslado de domicilio do beneficiario fóra do termino municipal de Outeiro de Rei, salvo que o traslado sexa temporal por razóns familiares ou de saúde debidamente acreditadas.

-Ingreso nunha residencia.

-Ausencia da vivenda por un periodo de tempo superior a (60 días) naturais.

-Obrigas as auxiliar a relizar tarefas non estipuladas no contrato.

-Deterioro psicofísico que faga aconsellable o seu ingreso en centro para unha correcta atención persoa.

-O cumprimento do prazo de duración do servizo, cando así conste expresamente no contrato de duración.

- Renuncia do beneficiario.

- Negativa a abonar o prezo que lle corresponda polo servizo ou retraso no pago superior a tres meses.

- Non aceptar a auxiliar de axuda no fogar asignado sen razón suficientemente xustificada.

- Por reorganización do servizo en función das disponibilidades económicas do exercicio.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente.

Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual

de Atención, a incoación, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

b) Causas de baixa temporal:

- Ingreso en centro hospitalario, por tempo superior a 30 días naturais.

- Ausencia da vivenda de forma inxustificada por un período superior a un mes (30 días) en ambos os dous casos deberá seguir aboando a cota correspondente á aportación do beneficiario.

- Retraso no pago pola prestación do servizo máis de dous meses consecutivos.

- Por reorganización do servizo en función das disponibilidades económicas do exercicio.

2.- O prazo da baixa temporal acordarase polo órgano competente, previo informe do/a traballador/a social do Concello, que deberá incorporarse ao expediente persoal.

3.- En caso de baixa definitiva non se poderá realizar unha nova solicitude antes dun mes dende a notificación da extinción.

Artigo 15º.- Dereitos dos usuarios:

a) Acceder ó servizo e recibir asistencia sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal do servizo.

b) Á seren tratadas con respecto e consideración, debido á dignidade da persoa, por parte do persoal do servizo.

c) Ser informados de todos aqueles aspectos que lle interesen en relación á tramitación, concesión e no seu caso denegación, prestación e incidencias do servizo, así como calquera outro aspecto relacionado co mesmo que poida ser do seu interese.

d) A unha asistencia individualizada acorde coas súas necesidades específicas.

e) A correcta e dilixente prestación do servizo, conforme á concesión do mesmo e ós contidos do presente regulamento.

f) O respecto á intimidade e a absoluta confidencialidade de cantos aspectos da súa vida persoal, familiar, económica ou social poidan ser coñecidos como consecuencia da tramitación ou prestación do servizo de acordo co disposto na LO 15/1999.

g) A deixar de utilizar o servizo por vontade propia.

h) En caso de conflito de calquera índole, facer a reclamación correspondente co fin de atopar solución ó mesmo.

i) A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.

j) A coñeceren a situación do seu expediente.

k) Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade dos servicios sociais comunitarios desde a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

Artigo 16º.- Deberes dos usuarios:

a) Participar no pagamento do servicio satisfacendo a cota que corresponda como achega económica do beneficiario, cando sexa esixible.

b) Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de outras circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servicio.

c) Poñer a disposición do persoal a cargo do servicio os medios materiais necesarios, para a realización das tarefas asignadas.

d) Comunicar as ausencias do seu domicilio que puidesen impedir a prestación do servicio, cunha antelación mínima de tres días, salvo que a mesma se producise por causa imprevisibles, que se deberán comunicar no momento do seu coñecemento.

e) Comunicar as posibles variacións que se produzan en relación coa concesión do servicio dende o inicio da prestación do mesmo, nun prazo de 10 días.

f) Respetar as normas e condicións establecidas no momento da concesión do servicio. Non realizar cambios de horario, tarefas, etc, sen autorización do responsable.

g) Cumplir coas condicións do servicio, facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo.

h) Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servicio, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

i) Colaborar no desenvolvemento do servicio en función das súas capacidades.

J) Permitir que sexa realizado o seguimento en control do servicio por parte dos técnicos municipais ou, de ser o caso, da empresa adxudicatario do servicio.

Artigo 17º.- Deberes do persoal:

1.- Deberes xerais do persoal do servicio:

a) O trato deberá ser sempre de respecto, evitando que a confianza co usuario e coa súa familia interfira no traballo.

b) Respetar a intimidade do usuario e gardar a debida confidencialidade.

2.- Deberes do auxiliar de axuda no fogar:

a) Non facer partícipe ó usuario e á familia deste dos seus propios problemas, separando todo o posible a súa vida privada e o seu traballo.

b) Respetar integramente o horario e as tarefas establecidas e non realizar cambios sen a debida autorización do responsable.

c) Non realizar traballos a outros membros da familia distintos dos beneficiarios, inda que convivan na mesma casa. Si se trata de persoas maiores ou dependentes, estudarase o caso dende o departamento de Servicios Sociais do Concello.

d) En caso de ausencia ó traballo deberá comunicalo con antelación para a súa autorización. Se non fose posible por causas imprevistas, comunicarao en canto teña coñecemento das mesmas.

e) Non recibir en custodia cartos, xoias nin outros obxectos.

f) Non recibir ningún tipo de prestación/bonificación por parte do usuario (cartos, regalos,...).

g) Non se poderá acudir ó lugar de traballo en compañía de persoas alleas ó servizo.

h) Non dispor das chaves de ningún domicilio, excepto cando as condicións do caso así o esixan e sempre co consentimento por escrito do usuario e do técnico responsable.

Artigo 18º.- Protocolos de actuación:

1.- Para o inicio da prestación:

- Identificación das persoas que deberán estar no domicilio do usuario no momento da visita do técnico responsable.

- Visita da traballadora social ao domicilio do usuario, estudo e valoración do caso.

- Elaboración do programa individualizado de atención, que deberá conter como mínimo: detección das necesidades; obxectivos que se pretenden acadar coa prestación do servizo; tarefas concretas a realizar pola auxiliar de axuda a domicilio ou outros profesionais; horario da prestación do servizo.

- Presentación ao usuario ou aos familiares no domicilio da auxiliar de axuda no fogar e das tarefas a realizar.

2.- No caso de incidencias:

- Visita da traballadora social ao domicilio do usuario.

- Estudo e valoración do caso.

- Elaboración do informe coas medidas adoptadas para a solución da incidencia.

3.- Para a substitución da auxiliar de axuda no fogar:

- Tempo de preaviso de cambio/substitución aos usuarios.(Tempo de preaviso de cambio aos usuarios con indicación da causa do cambio/substitución e duración desta.)

- Visita da traballadora social ao domicilio do usuario e presentación no domicilio da auxiliar de axuda no fogar e indicación das tarefas a realizar.

4.- En caso de queixa no libro de reclamacións.

- Facilitar unha copia da queixa ao usuario.

- Remitir orixinal ao servicio de inspección nas áreas de servicios comunitarios e inclusión social.

Artigo 19º.- Revisión do servicio

Nos prazos ou datas que especifique a concesión do servicio ou sempre que se produzan circunstancias que varien ás que deron motivo á concesión, o Traballador Social procederá a revisa-los casos nos que se esté prestando o servicio, e si se valora oportuno propoñerá ó Organo Municipal competente varia-las tarefas que se realizan en base á concesión inicial, ou incluso aumentar ou reduci-lo número de horas, sempre e cando este aumento ou diminución non supere o 25% das que foron concedidas.

Se a modificación prevista superase este 25% de horas concedidas procederáse a iniciar expediente de modificación, de oficio ou a iniciativa do interesado, que será resolto polo órgano competente, tras valora-la documentación e informes oportunos.

Artigo 20º.- Custo do servicio.

O prezo do servicio de axuda no fogar tomará como base o custo da hora de servicio para o Concello, ou, no seu caso, a tarifa-hora establecida no contrato coa empresa que preste o servicio, coas revisións anuais que sexan precisas. Determinarásese en todo caso a principios de cada exercicio e comunicaráselle aos usuarios.

Artigo 21º.- Achega económica do usuario:

Cada beneficiario do servicio de axuda no fogar, participará economicamente no custo do mesmo en función dos seus ingresos persoais e/ou dos outros membros residentes na mesma unidade de convivencia, así como en función do número de horas de servicio recibidas. De selo caso, deducirásese do total de ingresos familiares os gastos mensuais do alugueiro de vivenda.

Artigo 22º. - Participación no financiamento do servicio das persoas dependentes valoradas, con dereito de atención recoñecido, usuarias do servicio de axuda no fogar.

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servicio de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servicio.

2. Nos demais supostos, para facer efectiva a obriga das persoas usuarias de participar no custo do servicio, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de

porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

	Grao I		Grao II		Grao III	
	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II
Capacidade económica (referida ao IPREM)	20 horas	30 horas	40 horas	55 horas	70 horas	90 horas
Inferior ou igual ao 100% do IPREM	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Maior do 100% e menor ou igual ao 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
Maior do 115% e menor ou igual ao 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
Maior do 125% e menor ou igual ao 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
Maior do 150% e menor ou igual ao 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
Maior do 175% e menor ou igual ao 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
Maior do 200 % e menor ou igual ao 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
Maior do 215 % e menor ou igual ao 250% IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
Maior do 250 % e menor ou igual ao 300% IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%

	Grao I		Grao II		Grao III	
	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II
Maior do 300 % e menor ou igual ao 350% IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
Maior do 350 % e menor ou igual ao 400% IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
Maior do 400 % e menor ou igual ao 450% IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
Maior do 450 % e menor ou igual ao 500% IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ao 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

3. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4. En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

Artículo 23º.- Participación das persoas usuarias no financiamento do servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia no que se aplica o copagamento.

1. Para o servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, a corporación local establecerá unha regulación progresiva de participación económica no custo do servizo que terá en conta a estrutura de rendas no concello e o cálculo da capacidade económica per cápita de acordo co establecido neste artigo, desta ordenanza. Para estes efectos adaptase, a ordenanza reguladora do correspondente servizo, a seguinte táboa:

FAMILIAS DUN SO MEMBRO

Capacidade económica	Participación no custe do servizo de SAD básico
Menor do 0,80 do IPREM	0
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM	20 %
Maior do 1,50 do IPREM e menor ou igual a 2 IPREM	40 %
Maior do 2 do IPREM e menor ou igual a 2,50 IPREM	70 %
Maior de 2,5	90 %

FAMILIAS DE MÁIS DUN MEMBRO

Capacidade económica	Participación no custe do servizo de SAD básico
Menor do 0,80 do IPREM	0
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM	30 %
Maior do 1,50 do IPREM e menor ou igual a 2 IPREM	50 %
Maior do 2 do IPREM e menor ou igual a 2,50 IPREM	70 %
Maior de 2,5	90 %

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza

infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. Para o caso de servicios distintos aos referidos nos puntos 1) e 2) deste artigo e susceptibles pola súa natureza de incorporar un copagamento, o concello establece sistemas de participación das persoas ou unidades de convivencia de conformidade co seguinte:

a) O servicio prestarase de formas gratuíta naqueles casos en a capacidade económica, calculada segundo o disposto neste artigo desta ordenanza, resulte igual ou inferior ao 80% do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).

b) Para o resto dos supostos establececese unha regulación progresiva de participación económica no custo do servicio que terá en conta a estrutura de rendas do concello e os criterios de cálculo da capacidade económica regulados neste artigo.

4. En calquera caso establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Artigo 24º.- Determinación da capacidade económica do usuario.

A.- Determinación da capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido usuarias do servicio de axuda no fogar.

1. A capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido de atención mediante o servicio de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas conviventes economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica observaranse os criterios e regras dispostos na Resolución do 2 de decembro de 2008 da Secretaría de Estado de Políticas Sociais, Familia e Atención á Dependencia e á Discapacidade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia sobre determinación da capacidade económica do beneficiario e sobre os criterios de participación deste nas prestacións do dito sistema, así como aás normas regulamentarias promulgadas pola Xunta de Galicia que incorporen aquelas regras ao sistema galego de servicios sociais.

2. O resultado do cálculo da capacidade económica correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servicio de axuda no fogar constará na resolución do plan individualizado de atención que se resolva en cada caso de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do

programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

B.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia no que se aplica o copagamento.

1. No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, calcularase a súa capacidade económica de acordo cos seguintes criterios:

a) Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas (A renda valorarase atendendo aos ingresos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime, os rendementos de capital, os rendementos netos das actividades económicas, as ganancias e perdas patrimoniales, e as imputacións de renda que se establezan por lei).

b) Computarase así mesmo o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

c) A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

2.- Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

3.- Estes datos deberán actualizarse anualmente mediante a presentación da documentación nas oficinas dos servizos sociais municipais.

Artigo 25º.- Financiamento

O Servizo de Axuda no Fogar financiarase con cargo ó orzamento municipal, coas achegas da Comunidade Autónoma, da Deputación Provincial si houbera e maila aportación dos usuarios.

O Concello establecerá no orzamento anual a cantidade correspondente para o desenvolvemento do servicio.

As aportacións dos beneficiarios so SAF poderán ser dende a gratuidade ata o 90 % do custo da hora segundo a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servicio de axuda no fogar do Concello de Outeiro de Rei.

Artigo 26º.-Control do Servicio

O control a coordinación e o seguemento do servicio realizarase polo Concello a traves do Alcalde ou persoa en quen delegue e o traballador social, quenes supervisarán a prestación do servicio, recibindo as suxerencias e queixas que podan derivarse da prestación do mesmo, tanto dende o beneficiario como dende a auxiliar domiciliaria, proponendo as formulas de corrección que estimen pertinentes.

O Concello terá a disposición dos usuarios un libro de reclamacións.

Asemade na notificación de concesión do servicio estableceranse as datas de revisión do mesmo.

Artigo 27º.- Avaliación do Servicio

A avaliación ten como obxecto recoller e analizar sistemáticamente unha información que permitirá facer unha valoración do proxecto que se está a levar a cabo.

As pautas que orientarán a avaliación son as seguintes:

- Análise estadística dos datos dos usuarios, para poder valora-lo impacto que ten na poboación e a demanda real do servicio.

- Grao de satisfacción que o usuario manifesta do servicio, tanto na súa relación cos profesionais, como coas prestacións que reciben.

- Grao de satisfacción dos profesionais para coñecer ata que punto estes consideran que a súa actividade está sendo util e satisfactoria para o usuario.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA.- APROBACIÓN DE MODELOS

Facultase ao Alcalde-Presidente ou Concelleiro responsable da area para a aprobación mediante Decreto de todos aqueles modelos de documentos que sexa necesario empregar para o correcto funcionamento do servicio.

SEGUNDA.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos de carácter persoal dos que se teña coñecemento como consecuencia da aplicación deste regulamento estarán sometidos ao disposto na Lei Orgánica 15/ 1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, (LOPD)

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Este regulamento derroga expresamente ao Regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Outeiro de Rei, publicado no BOP núm. 292, de 22 de decembro de 2009, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria ó mesmo.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Este Regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Bletín Oficial da Provincia de Lugo e estará vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I

Baremo para determinar a asignación do servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia.

FACTOR-1: AUTONOMÍA PERSOAL (máximo total 36 puntos).

O valor asignado en función da falta de autonomía das persoas será o que se deduza da valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración da discapacidade o do grado de dependencia.

As persoas dependentes valoradas que, polo calendario oficial de implantación, teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema da dependencia (PIA con posible asignación de servizos de axuda no fogar), non poderán acceder polo sistema de libre concorrencia.

A asignación de valor en función do factor autonomía persoal realizarase de acordo coa seguinte táboa:

1.1.INDEPENDENCIA NAS ACTIVIDADES BÁSICAS DA VIDA DIARIA (ABVD) (Escala elaborada partindo do índice de Katz e o Índice Barthel).

-Lavarse:

- ❖ Non recibe axuda no baño (0 puntos)
- ❖ Precisa axuda para lavar unha parte do corpo (as costas ou alguna extremidade incapacitada) (1 punto)
- ❖ Precisa axuda para lavar máis dunha parte do corpo, para entrar ou saír da bañeira, ou non pode bañarse soa.(2 puntos)

-Arranxarse:

- ❖ Non recibe axuda para lavarse a cara, máns, dentes, peinarse, afeitarse e maquillarse. (0 puntos)
- ❖ Precisa axuda para limpar dentes, peinarse, afeitarse, maquillarse. (1 punto)
- ❖ Precisa axuda para toas as actividades anteriores. (2 puntos)

-Vestirse (inclúe: coller roupa de armarios e caixóns):

- ❖ Non precisa axuda para coller roupa, poñela, poner complementos, abotoarse, atar os zapatos.(0 puntos)
- ❖ Precisa axuda para coller roupa, vestirse alguna prenda ou complemento, atar os zapatos.(1 punto)
- ❖ Precisa axuda para coller a roupa e vestirse.(2 puntos)

-Usar o retrete:

- ❖ Non precisa axuda para ir ó retrete, límpase e coloca a roupa sen axuda (pode usar barra de apoio, bastón, etc) , e poder manexar cuñas ou orinais.(0 puntos)
- ❖ Precisa axuda para ir ó retrete , o una limpeza , colocación da roupa, uso da cuña ou oriñal.(1 punto)
- ❖ Non pode realizar ninguna das anteriores actividades. (2 puntos)

-Deambular:

- ❖ Non precisa axuda para camiñar menos 50 metros, aínda que se axuda con bastón, muletas, prótesis ou andador sen rodas.(0 puntos)
- ❖ Precisa axuda física ou supervisión para camiñar mais de 50 metros.(1 punto)
- ❖ Fai uso de cadeira de rodas ou non realiza ninguna das anteriores actividades.(2 puntos)

-Escaleiras:

- ❖ Non precisa axuda ou supervisión para subir e baixar escaleiras, aínda que se axude de muletas ou bastóns ou se apoia en varanda.(0 puntos)
- ❖ Precisa axuda física ou supervisión.(1 punto)
- ❖ Non sube nin baixa escaleiras.(2puntos)

-Trasladarse:

- ❖ Non precisa axuda para ir do sillón á cama, ou empregar a cadeira de rodas.(0 puntos)
- ❖ Precisa mínima (unha persoa) axuda física ou supervisión.(1 punto)
- ❖ Precisa gran axuda (dúas persoas)aínda que é capaz de manterse sentada ou non realiza ninguna das anteriores actividades.(2 puntos)

-Micción (valorar situación seman previa):

❖ Controla a micción ou non precisa axuda para coidarse da sonda ou colector.(0 puntos)

❖ Precisa axuda para administrarse supositorios ou lavativas, ou ten incontinencias ocasionais (menos de 1 vez a semana) (1 punto)

❖ Ten incontinencias (máis de 1 vez a semán), necesita doutra persoa para administrar lavativas, etc (2 puntos)

-Deposicións (valorar semán previa):

❖ Non precisa, controla esfínteres (0 puntos)

❖ Precisa axuda para administrarse supositorios ou lavativas, ou ten incontinencias ocasionais (menos de 1 vez a semana) (1 punto)

❖ Ten incontinencia (masi de 1 vez a semana), necesita doutra persoa para administrar lavativas, etc (2 puntos)

-Alimentación:

❖ Non precisa axuda para comer.(0 puntos)

❖ Precisa axuda para cortar carne, o pan, estender manteiga, etc (1 punto)

❖ Precisa axuda para comer ou alimentarse parcial ou totalmente por tubos ou intravenosamente. (2 puntos)

TOTAL FACTOR 1.1 (máximo 20 puntos)*

*Máximo de 20 puntos: dependencia total. De 19 a 10 puntos:Dependencia media, a persoa necesita axuda para alguna ou todas as actividades. De 9 a 1 puntos: Dependencia baixa, a persoa necesita axuda para varias actividades e hai alguna que non pode realizar. O puntos: non dependencia.

1.2.INDEPENDENCIA NAS ACTIVIDADES INSTRUMENTAIS DA VIDA DIARIA (AIVD) (Adaptación da Escala de Lawton e Brody).

-Transporte:

❖ Non precisa axuda para viaxar soa, no transporte público ou conduce o propio coche. (0 puntos)

❖ Precisa acompañante para viaxar en transportes públicos (1 punto)

❖ Non pode viaxar.(2 puntos).

-Facer compras:

❖ Non precisa axuda para facer compras (0 puntos)

❖ Precisa acompañamento para facer calquera compra. (1 punto)

❖ Non fai ninguna compra.(2 puntos)

-Lavar a roupa:

❖ Non precisa axuda para lavar a roupa (0 puntos)

❖ Non precisa para lavar pequenas prendas. (1 punto)

- ❖ Non se ocupa do lavado da roupa.(2 puntos)

-Coidado da casa:

- ❖ Non precisa axuda para realizar as tarefas domésticas. (0 puntos)
- ❖ Precisa axuda para realizar tarefas domésticas lixeiras como lavar pratos ou facer a cama. (1 punto)
- ❖ Precisa axuda para realizar calquera das tarefas domésticas. (2 puntos)

-Uso do Teléfono:

- ❖ Non precisa axuda para utilizar o teléfono, busca e marca números. (o puntos)
- ❖ Non precisa axuda para contrestar o teléfono, pero non pode marcar. (1 punto)
- ❖ Non utiliza o teléfono (2 puntos).

-Preparación da comida:

- ❖ Non precisa axuda para organizar, preparar , e serve as comidas por si mesma adecuadamente. (o puntos)
- ❖ Precisa axuda para que lle proporcionen os ingredientes, aínda que prepara a comida adecuadamente (1 punto)
- ❖ Precisa que lle preparen e lle sirvan a comida (2 puntos)

-Responsabilidade respecto á súa medicación:

- ❖ Non precisa axuda para tomar a medicación no horario e dose correctas. (0 puntos)
- ❖ Non precisa axuda para tomar a medicación, aínda que precisa que lle preparen as doses adecuadas. (1 punto)
- ❖ Precisa axuda para tomar e para preparar as doses adecuadas. (2 puntos)

-Manexo da organización económica:

- ❖ Non precisa axuda para manexar asuntos económicos, ingresos, gastos, facer xestións, etc (0 puntos)
- ❖ Precisa axuda para facer xestións como ir ó banco, etc (1 punto)
- ❖ Non manexa cartos. (2 puntos).

TOTAL FACTOR 1.2. (máximo 16 puntos)**

**Máximo de 16: Dependencia total, precisa axuda na realización de todas as actividades. De 15 a 8 puntos: Dependencia media, a persoa necesita axuda para alguna ou todas as actividades. De 7 a 1 puntos: Dependencia baixa, a persoa necesita axuda para varias actividades e hai alguna que non pode realizar. 0 puntos: Non dependencia.

TOTAL FACTOR 1: (36 puntos.)

FACTOR-2: APOIO SOCIAL (máximo total 20 puntos).

- A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos).

- A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos).

- A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos):

- ❖ Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos).
- ❖ Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos).
- ❖ Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos).
- ❖ Con incapacidade para organizarse (3 puntos).

- Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos).

- Vive só/soa pero hai familiares con posibilidades de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 km. (5 puntos).

- Está ben atendido (0 puntos).

Total puntos apoio social: 20 puntos

FACTOR-3: SITUACIÓN FAMILIAR /SOCIALIZACIÓN MENORES (máximo total 20 puntos).

3.1.- Conflito (máximo total 4 puntos).

- ❖ Cun membro xerador de conflito de nivel moderado(1 punto).
- ❖ Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos).
- ❖ Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos).
- ❖ Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos).

3.2.- Limitacións de rol (máximo total 2 puntos).

- ❖ Familias nas que ambos proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atención aos menores (2 puntos).

3.3.- Monoparentalidade (máximo total 2 puntos).

- ❖ Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada,...) non poidan atender aos menores (2 puntos).

3.4.- Habilidades parentais (máximo total 2 puntos).

- ❖ Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administración do orzamento, ausencia de roles, organización...) (2 puntos).

3.5.- Número de menores (máximo total 10 puntos).

- ❖ Un menor (3 puntos).
- ❖ Dous menores (5 puntos).

- ❖ Tres menores (7 puntos).
- ❖ Catro ou mais menores (10 puntos).

Total puntos situación familiar/socialización menores: 20 puntos

FACTOR-4: OUTROS ASPECTOS SOCIAIS (máximo total 20 puntos).

4.1.- Vivenda (total 10 puntos).

-Réximen de tenencia:

- ❖ Cedida (1 punto)
- ❖ En Aluguer(1 punto)
- ❖ En amortización (1 punto)
- ❖ Propia(0 puntos)

-Condicións de habitabilidade da vivenda:

- ❖ Non reúne as condicións mínimas de hixiene/ habitabilidade (1 punto)
- ❖ Reune condicións de habitabilidade (0 puntos)

-Equipamento e adaptabilidade:

- ❖ Carece de calefacción (1 punto)
- ❖ Carece de teléfono (1 punto)
- ❖ Carece de auga corrente (1 punto)
- ❖ Carece de auga quente (1 punto)
- ❖ Carece de luz eléctrica (1 punto)
- ❖ Carece de cuarto de baño completo (1 punto)
- ❖ Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 punto)
- ❖ Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 punto)

4.2.- Integración no contorno (total 10 puntos).

- ❖ Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos).
- ❖ Ausencia de relacións sociais (6 puntos).
- ❖ Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos).
- ❖ Integración axeitada no contorno (0 puntos).

Total puntos outros aspectos sociais: 20 puntos”.

Neste servizo parece que haberá aportación da Deputación Provincial, aínda que non se coñece a súa contía.

O exercizo anterior o Concello aportou 41.000 euros e os usuarios 6.000 euros, polo que o compromiso orzamentario do Concello tamén foi moi importante e que nas circunstancias actuais non é sostible.

O Concello ten dúas opcións, ou incrementar a aportación dos usuarios e garantir o servizo a quen o necesite, ou non subir as aportacións e consignar unha contía no orzamento e prestar o servizo ata que se acabe a partida. O que quede fora mala sorte e a agardar en lista de espera.

Pero o equipo de goberno quere prestar o servizo a todo o mundo que o necesite, aínda que isto implique subir os prezos de prestación. Como é lóxico preferirían prestar o servizo gratuitamente ou moi barato, pero isto non é posible.

Entrando a explicar a proposta, informa que existen dúas modalidades de prestación e financiamento do servizo: a de dependencia, na que o Concello carece da posibilidade de fixar o prezo do servizo para o usuario, xa que o fixa a Administración autonómica, e a libre concorrência, na que o Concello ten marxe para fixar os prezos dentro duns baremos que determina a Xunta de Galicia.

O servizo de dependencia finánciase case ao 100% pola Xunta de Galicia máis unha aportación dos usuarios e é de prestación obrigatoria.

A libre concorrência non é de prestación obrigatoria polo Concello, que podería consignar unha partida orzamentaria moito máis pequena que a que actualmente adica e limitar a incorporación de beneficiarios do servizo a o esgotamento de dita consignación. Unha vez esgotada a partida os restantes veciños interesados no servizo quedarían fora.

Como o equipo de goberno quere garantir o servizo a tódolos veciños que o necesiten, débese incrementar a aportación dos usuarios, e para iso se propón a táboa de carácter progresivo transcrita na proposta de resolución e baseada no IPREM.

En dita táboa se distingue entre beneficiarios do servizo que vivan solos daqueles nas que vivan dous ou máis persoas, xa que neste último caso pódense compartir certos gastos, o que repercute nun maior poder adquisitivo con igual IPREM nominal.

O voceiro do BNG propón tratar este punto conxuntamente coa moción presentada polo BNG con rexistro de entrada 1789, xa que tratan sobor o mesmo asunto.

O texto literal da moción é o seguinte:

“MOCIÓN PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do PP na Xunta de Galiza acaba de publicar o decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

No mesmo establécese que o Servizo de Axuda no Fogar é un servizo social comunitario básico de carácter público que debe ser garantido polos concellos. Tamén regula o financiamento do conxunto dos servizos sociais comunitarios e concretamente no que se refire aos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico soamente financiará ás corporacións locais de 20.000 ou máis habitantes, onde só financiará ao traballador/a social. Deste xeito, a inmensa maioría dos concellos galegos, que son os que contan con menos de 20.000 habitantes, van a ser excluídos das axudas que até o de agora viñan recibindo da administración galega.

As axudas da Xunta aos servizos sociais comunitarios xa foron recortadas os anos 2010 e 2011, especialmente no que se refire ao Servizo de Axuda no Fogar. O Plan de 2011 dispoñía de preto de 24 millóns de euros para as prestacións sociais básicas, servizos sociais comunitarios e plan de desenvolvemento xitano, e o goberno do PP os recortou en 2,4 millóns de euros.

Para este ano 2012, o plan concertado quedou na metade, en 12,4 millóns de euros. As partidas do programa de servizos sociais comunitarios foron eliminadas e o plan de desenvolvemento xitano ten unha partida simbólica de pouco máis de 100.000 euros.

O decreto publicado vén a corroborar que o goberno do PP na Xunta de Galiza se desentende por completo dos servizos sociais comunitarios nos concellos de menos de 20.000 habitantes, en especial do Servizo de Axuda no Fogar Básico, o que obrigará no mellor dos casos aos concellos a financiar estes servizos e aos usuarios e usuarias a pagar máis nas súas aportacións como copago, ou no peor dos casos a que os servizos desaparezan e só se manteñan para as persoas dependentes coa prestación asignada no seu Plan Individual de Atención.

O propio decreto establece que as Deputacións terán que prestar axuda económica e técnica aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Non obstante, non as obriga con cantidades nin porcentaxes. En cambio obriga aos concellos a aumentar o 20% para os concellos de menos de 20.000 habitantes, o 25% para os de 20.000 até 60.000 e o 33% para os de 60.000 ou máis habitantes.

Compre salientar que o Servizo de Axuda no Fogar Básico ou de libre concorrência é ao que teñen que recorrer as persoas con problemas de desestruturación familiar, casos de enfermidade aguda tras alta hospitalaria, persoas en situación de dependencia aínda non valoradas, persoas en situación de dependencia valorada e con dereito pero que non teñen o acceso ao Servizo de

Axuda no Fogar ou outra prestación asignada (por estar en lista de espera que hoxe en Galiza supera as 27.000 persoas).

O que se pretende con este decreto é trasladarlle aos concellos unha competencia, facer unha descentralización administrativa, pero sen financiamento, onde a Xunta de Galiza abdica das súas competencias para impoñerlle aos Concellos que poñan a disposición da Xunta as dependencias municipais, asumindo todos os custes, a xestión de todos os sistemas informáticos e as horas de traballo do persoal do Concello, para facerse cargo do Servizo de Axuda no Fogar Básico.

A Xunta de Galiza debe asumir as súas competencias e garantir uns servizos sociais comunitarios acorde coas necesidades da poboación. E garantir e xestionar un servizo público básico que debe chegar en igualdade de calidade e dereitos a todos os galegos e galegas independentemente do concello onde vivan, como acontece coa sanidade e co ensino.

Se non se fai así as consecuencias van a ser moi graves. En primeiro lugar para as persoas usuarias do servizo, en segundo lugar para as xa depauperadas arcas municipais e para os traballadores e traballadoras que realizan este servizo xa que perderán o seu emprego, pasando a incrementar a alta taxa de desemprego existente.

O mesmo decreto tamén establece unha nova regulación da participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar que incrementa de xeito substancial en case todos os tramos de renda o copago a realizar. Incrementos grandes para as persoas que teñen recoñecidas as prestacións por dependencia e aínda moito maiores para as que sen ter recoñecida a prestación están en grave situación de risco ou vulnerabilidade.

O goberno do PP na Xunta de Galiza ten a obriga de garantir o funcionamento do Sistema Galego de Servizos Sociais e con este decreto lesiona gravemente os dereitos das persoas e pon en grave risco o sistema de servizos sociais.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.

b) Contribuir economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.

c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar.

d) Derrogar o decreto e negociar outro no marco da FEGAMP.

Outeiro de Rei, 20 de Abril de 2012”

O Alcalde acepta o debate conxunto de ambos textos.

O voceiro do BNG afirma que o Alcalde está aceptar por motivos políticos as consecuencias dunha deixadez ou incompetencia da Xunta de Galicia no que atinxe aos servizos sociais, xa que se quen aprobase o decreto fose outro partido político poría o grito no ceo. E recórdalle que a súa obriga é defender aos seus veciños con independencia da cor política de quen os perxudique.

E cando o Decreto da Xunta exclúe da financiación dos servizos sociais aos concellos de menos de 20.000 habitantes está a perxudicar e discriminar claramente a este Concello e os seus veciños.

Aquí estase a falar de familias en situacións complicadas e de vulnerabilidade, e non é xusto que se cargue a crise sobor as súas espaldas. O que está a suceder é que a Xunta está a facer inmensos recortes, pasándolle a pelota aos Concellos quenés, a súa vez, lle la pasa aos veciños, cargando a crise sobor o lombo do cidadán mentres non se recorta onde debe recortarse.

O voceiro do PSdG-PSOE expresa a súa disconformidade co Decreto 99/2012, e coma a ordenanza asume basicamente as táboas de dito decreto, non pode estar dacordo tampouco con ela.

En primeiro lugar, non comparte que a Xunta obrigue as Deputacións a financiar este servizo, ao igual que tampouco o fan as Deputacións gobernadas polo PP, aínda que o acaten. E tampouco comparten o mensaxe da Xunta de que a Lei de servizos sociais impón este modelo, xa que a lei non impide que a Xunta financie o servizo, unicamente establece a obriga de que contribúa a Deputación. Polo tanto, a Xunta non debería desentenderse do financiamento do servizo.

Pero o que lle parece máis preocupante é que as táboas do decreto e da ordenanza penalizan a necesidade. A igualdade de renda, quen teña máis necesidade ten que pagar máis. Se esta forma de razoar se traslada á sanidade estaríamos ante un problema gravísimo.

Por outra banda, a suba é do 300% nalgúns tramos, que pasa do 10% do custe do servicio ao 30%. Esta suba é esaxerada.

Por todo iso anuncia que se oporá á aprobación da ordenanza.

O Alcalde afirma que o equipo de Goberno ten o compromiso de prestar o servicio a todo aquel que o necesite, e que non ten a intención de crear unha lista de espera. Para lograr isto é necesario incrementar as aportacións dos usuarios.

E recorda que a esta situación se chegou porque os anos anteriores, os gobernos de esquerdas estiveron prestando servicios sen financiamento, con cargo a débeda pública. E agora chegou o momento en que hai que pagar esta débeda. É dicir, os custes de prestación dos servicios de antes máis os de agora.

O Alcalde resposta ao voceiro do BNG que non consinte a situación actual, polo menos politicamente, xa que administrativamente non lle queda máis remedio, ao igual que non lle quedou máis remedio que consentir unha lei de dependencia sen financiamento ou un trato discriminatorio por certas Administracións públicas.

Recorda que a Lei de dependencia, que establece o reparto de financiamento dos servicios sociais: a Xunta a concellos de máis de 20.000 habitantes e as Deputacións provinciais aos concellos de menos de 20.000 habitantes, a aprobou o parlamento cos votos a favor do PSOE e máis do BNG e, sorprendentemente, agora estes partidos néganse a aplicala.

Certo é que agora hai menos cartos, pero ante esta realidade unicamente caben dúas posibilidades, ou manter os prezos do servicio reducindo o número de beneficiarios, ou manter o número de beneficiarios incrementando os prezos. Nos optamos por esta última solución.

Non é certo que pague máis quen ten máis necesidade, senón quen ten máis recursos. Esa afirmación non ten sustento algún na proposta que aquí se debate.

O voceiro do BNG considera que, nun contexto coma o actual de crise económica, o recorte do gasto non pode afectar aos servicios sociais, á sanidade ou á educación, senón que os recortes terán que afectar a gastos non prioritarios coma as axudas ás confesións relixiosas, aos partidos políticos ou aos clubs de fútbol. Aquí si que se pode meter mano e, nembargantes, non se fai nada.

Pola contra, a Xunta está a recortar nos servicios básicos coma a axuda no fogar e, vostede, como Alcalde, non se opón e se limita a repercutirillo á cidadanía.

Xa no ano 2011 rebaixaron os 24 millóns de euros inicialmente consignados en 2,4 millóns e agora o reducen á metade (12,4). Ésta é a política da actual Xunta de Galicia.

No tocante á Deputación de Lugo, o ano pasado adicou cincocentos mil euros a financiar este servizo e este ano adicará seiscentos mil euros, incrementando o esforzo orzamentario adicado a servizos sociais.

Por todo iso, defende a conveniencia de aprobar a moción que se está a debatir, así coma rexeitar a proposta de aprobación do regulamento.

O voceiro do PSdG-PSOE, insiste en que a ordenanza cuxa aprobación se propón penaliza a necesidade, xa que a igual renda, un veciño que precise máis horas de servizo ten que pagar máis que aquel outro que necesite menos horas.

O Alcalde advirte que iso foi así dende sempre, xa que se pagaba unha porcentaxe do custo do servizo.

O voceiro do PSdG-PSOE négao, e considera alarmante que se poida xeneralizar este criterio en outros servizos coma a sanidade.

Asemade, parécelle totalmente inxusto que se elimine a partida da Xunta de Galicia adicada ao financiamento do servizo de axuda a domicilio nos concellos de menos de 20.000 habitantes. Xa non sería presentable que reducisen o financiamento para este tipo de servizos básicos, pero que a supriman totalmente é inaceptable.

Sorpréndese que o Alcalde estea en desacordo coa lei pero estea de acordo co desenvolvemento da lei.

O Alcalde afirma que non está de acordo nin coa lei nin co seu desenvolvemento, pero o seu parecer non é dabondo para modificala, por unha razón moi sinxela. Tan pronto entrou a gobernar o PP na Xunta de Galicia tivo que devolver case dous mil millóns de euros que gastara o bipartito.

É dicir, o goberno do PP non só ten que seguir a prestar os servizos aos cidadáns, senón que ten que pagar os servizos que prestou o bipartito a crédito.

E non pode esquecer que o goberno de Zapatero aprobou unha lei de dependencia na que fozaba ás CCAA a financiar o 50% do servizo, e logo o Estado nin tan sequera aportou o 50% que lle correspondía.

E o PSOE e máis o BNG, non contentos con esta actuación irresponsable de gastar o que non tiñan, agora están a facer demagogia contra quen pretende reconducir a situación.

O Alcalde rexeita a aprobación da moción porque é inútil, xa que a actual situación económica non deixa outra saída que a que adoptou a Xunta. De considerar que a aprobación da moción lograría que as outras administracións mantivesen o financiamento do servizo a aprobaría sen dubidalo.

Propón ao voceiro do BNG aprobar a moción si se compromete a que a Deputación de Lugo financie os servizos sociais municipais, tal e como establece a lei.

Non é verdade que a Xunta non financie os servizos sociais do Concello. A Xunta aporta aproximadamente o 50% destes servizos. O que sucede é que a lei aprobada polo bipartito encomenda a financiamento da libre concorrência á Deputación. Pero como esta institución non cumpre o seu deber e o Concello ten os cartos que ten, non queda outro remedio que subir o prezo a cobrar aos beneficiarios.

Esta é a consecuencia da desastrosa xestión económica do goberno do PSOE, que rematou cun déficit tal que agora non hai quen nos preste os cartos, ou nolo prestan a uns intereses moi altos. Por iso non se poden prestar os servizos a crédito, senón que hai que poder pagalos.

Finalmente, o Alcalde propón ao voceiro do BNG a aprobación da moción se acepta unha enmenda na que se insta á Deputación Provincial de Lugo ao cumprimento da obriga establecida na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, de apoiar económica y técnicamente aos Concellos para a prestación dos servizos sociais básicos.

O voceiro do BNG rexeita a enmenda, xa que a moción ten por obxecto a acción de goberno da Comunidade autónoma, non da Deputación, e propón ao Alcalde que presente unha moción independente.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de regulamento.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG.

Sométese a votación a aprobación da moción presentada polo voceiro do BNG con número de rexistro de entrada 1789.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e tres votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG.

6. MOCIÓN DO PSdG-PSOE SOBOR A ACTUAL SITUACIÓN DE SECA

Iníciase o debate coa defensa, polo voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, da moción presentada con número de rexistro de entrada 1842, e do seguinte teor literal:

“O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI:

O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réximen xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte :

MOCIÓN:

O ano 2011 foi o segundo máis seco dos últimos 50 anos e o sétimo máis cálido dende 1961, encadeáronse practicamente 6 meses entre abril e outono con escasas precipitacións.

No que vai de 2012 as precipitacións foron escasas e con valores moi por debaixo dos rexistrados nas mesmas datas do 2011, co cal a situación tende a empeorar.

Tendo en conta a importancia que ten o sector Gandeiro e agrario no Concello de Outeiro de Rei, presentase esta Moción ao Pleno da corporación.

ACORDO:

O Pleno do Concello insta ao Goberno Galego a:

1) Aprobar de xeito inmediato o Plan Especial de Actuación en Situacións de Alerta e Eventual Seca que sinala a lexislación do Plan Hidrolóxico Nacional, o borrador do Plan Hidrolóxico da Bacía Galicia-Costa e a demais lexislación comunitaria, estatal e autonómica.

2) Adoptar as seguintes medidas para a actual situación de seca:

a) Avaliar a situación actual de seca e as consecuencias sobre os distintos sectores da economía, medio ambiente e sobre a garantía de abastecemento de auga á poboación.

b) Actuar con medidas de urxencia naqueles sistemas de abastecemento que poidan poñer en risco a garantía de auga para a poboación ao longo do ano.

c) Evitar a sobreexplotación dos acuíferos que poidan estar xa danados pola seca.

3) Poñer en marcha as axudas necesarias aos sectores produtivos no noso concello de Outeiro de Rei que están sufrindo as consecuencias da seca, sobre todo a agricultura e gandería, , incluíndo cando menos as seguintes:

a) Implementar de forma urxente axudas directas ás explotacións agrogandeiras afectas, chegando ao máximo permitido pola normativa comunitaria de minimis.

b) Arbitrar liñas de financiamento cunha carencia especial nos prestamos dos plans de mellora, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007/2013.

c) Activar unha liña de préstamos brandos para o aprovisionamento de forraxes nas explotacións, para cubrir os déficits das persoas que se dedican á gandaría e agricultura pola compra de forraxe.

En Outeiro de Rei a 23 de abril de 2012”

Trala defensa da moción polo voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, toma a palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, que pregunta ao Alcalde si o Concello fixo unha avaliación da incidencia da seca no servizo municipal de abastecemento de auga potable e dos restantes puntos aos que fai referencia o PSOE no texto da moción.

O Alcalde anuncia a oposición á aprobación da moción por dous motivos:

En primeiro lugar porque chega tarde, xa que a chuvia das últimas semanas contribuíu a paliar a seca, e se ben non é dabondo para recuperar a total normalidade, si que alonxa a situación de risco.

En segundo lugar porque a Xunta de Galicia acaba de publicar unha orde pola que outorga créditos brandos aos agricultores e gandeiros afectados pola seca. E se ben non elimina as perdas económicas que se produciron, si que palía o problema se segue a chover nas próximas semanas.

No que atinxe ao suministro de auga á poboación, o Concello ampliou a capacidade de almacenamento cun novo depósito, se ben a captación procede do río. Polo tanto, está garantido o suministro na medida na que o río leve auga.

Aquí debe advertirse que o modelo de suministro mediante captación directa do cauce do río está mal organizada, debido a que no seu momento non se fixo o que debería facerse. Non se entende cómo un área como Lugo, cunha poboación importante, non ten un encoro para garantir o suministro, xa que de vir unha seca prolongada no tempo é probable que se produzan problemas de abastecemento.

Tal é así que, de non haber chovido en estes últimos días e de prolongarse a seca, seguramente teríamos problemas para o abastecemento.

Polo tanto, debido as políticas dos últimos anos, a seguridade do abastecemento depende da providencia. O Concello fixo o que está na súa man para garantir o servicio de auga potable, pero o feito de que non existe un encoro e se depende do caudal do río condiciona a seguridade do abastecemento en situacións de seca prolongada.

O voceiro do PSdG-PSOE considera que a moción non chega tarde, xa que polos datos pluviométricos do ano pasado non pinta ben a cousa, xa que de chover o que choveu o ano pasado, as chuvias dos últimos quince días serían totalmente insuficientes coma para dar por rematada a seca.

O voceiro do BNG di que o que precisa o sector agrogandeiro non é tanto de subvencións coma de políticas activas e contundentes para dinamizar o sector e para permitir unha rendabilidade axeitada.

O Alcalde di estar de acordo co representante do BNG, pero as axudas en momentos puntuais de crises ambientais coma a actual son benvidas por seren necesarias.

E insiste en que o Concello despregou unha rede de abastecemento de auga que abarca todo o termo municipal, e que incrementou notablemente a capacidade de almacenamento coa recente construción dun novo depósito, pero o suministro segue a depender do cauce do río, xa que no Plan Hidrolóxico anterior se preveía a construción dun encoro e dito Plan Hidrolóxico foi derogado e substituído por un novo plan que non prevé esta infraestrutura.

Conclúe a súa intervención anunciando que, tanto polas chuvias das últimas semanas, coma polas medidas adoptadas pola Xunta de Galicia, a moción chega tarde e, consecuentemente, se oporá a súa aprobación.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada votación, a moción resulta rexeitada con oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e tres votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG.

7. PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADAS

A solicitude do sr. Alcalde, o Secretario dá lectura, en viva voz, do escrito de preguntas presentado polo voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, con número de rexistro de entrada 1842, e do seguinte teor literal:

“O Concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS o Equipo de Goberno, con relación o punto da Orde do Día do Pleno da data:

1. Respecto a edificación nº 33, ubicada en Outeiro de Rei (Finca Salgueiro), podería explicar que trámites faltan para expedir as Licencias de Primeira Utilización, ou que problemas hai para non concedelas?

2. Respecto aos medios materiais que usa o Concello en caso de Incendio. ¿Podería explicar de cales son os medios materiais que dispón o Concello e en que condicións se atopan?

3. Respecto a solicitude dos edificios fora de ordenación, segundo prevé a disposición transitoria terceira da LOUGA, ¿Podería dicir cantos edificios solicitaron neste Concello a súa incursión nela? No pleno anterior preguntóuselle, si a un edificio, construído anteriormente ao ano 2003, podendo acreditar tal antigüidade, así como o uso continuado, pero non solicite a súa incursión dentro dos edificios fóra de ordenación segundo prevé a disposición transitoria terceira da LOUGA, si solicita unha licenza de conservación do mesmo se lle ía conceder, e vostede contestou que se axustaría a legalidade. ¿ Podería explicar se iso significa que se lle vai a conceder ou non?

4. Respecto as derradeiras obras realizadas obras no Colexio de Outeiro de Rei ¿Podería explicar en que consistiron e que empresa as realizou?

En Outeiro de Rei a 26 de abril de 2012”

O Alcalde resposta nos seguintes termos:

Respecto da edificación co número 33, contesta que o Concello requeriu ao promotor para a presentación de certa documentación da que adolecía a solicitude de licenza de primeira ocupación, estando á espera, a día de hoxe, da súa presentación.

En relación cos medios materiais que utiliza o Concello en caso de incendio, resposta que o Concello dispón dun vehículo motobomba, e que o restante material é o que especifica a Consellería nos convenios.

No que atinxe aos edificios en situación de fora de ordenación cuxos titulares non presentaron a solicitude de declaración en prazo, solicita ao Secretario a lectura, en viva voz da disposición transitoria terceira da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

O Secretario dá lectura a dita Disposición, cuxo teor literal é o seguinte:

“Sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 213.1 de la presente Ley, las edificaciones y construcciones realizadas sin licencia o sin la autorización autonómica preceptiva, existentes con anterioridad al 1 de enero de 2003, y respecto de las cuales en el momento de entrada en vigor de la presente Ley hubiera transcurrido el plazo legalmente establecido en su artículo 210.2 sin que la administración haya adoptado ninguna medida dirigida a la restauración de la legalidad urbanística o medioambiental, quedarán incorporadas al patrimonio de su titular y sujetas al régimen previsto en el artículo 103.2 de la misma, con la particularidad de que las obras de mera conservación sólo podrán autorizarse cuando se acredite la preexistencia de un uso continuado.

A esos efectos, en el plazo máximo de dos años desde la entrada en vigor de la presente Ley de modificación, el propietario o propietaria habrá de solicitar del ayuntamiento correspondiente la declaración de incursión en la situación legal de fuera de ordenación total adjuntando anexo que defina, como mínimo, la situación de la edificación sobre el planeamiento vigente, parcela, uso, superficie construida, número de plantas y volumen, así como certificación técnica de solidez y seguridad”.

Finalmente, o Alcalde sinala que o Concello fará o que esixe a lei que faga, como non pode ser doutro xeito.

Por último, afirma que as obras do colexio consistiron na reforma dos aseos dos profesores, pero que descoñece quen é a empresa adxudicataria xa que as obras as contratou a Xunta de Galicia.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión sendo as catorce horas e cincuenta e cinco minutos, da que eu, Secretario, estendo a presente acta.

O Secretario

VºBº O Alcalde

Asdo.: José María Vázquez Pita

Asdo: José Pardo Lombao

